

Un espazo de debate para a Galiza Exterior

Home / 2013 / Marzo / 27 / Lidia Jorge, o
compromiso ético da escritora galega universal

CADERNOS EN TWITTER



LÍDIA JORGE, O COMPROMISO ÉTICO DA ESCRITORA GALEGA UNIVERSAL

27 de Marzo de 2013 · by Redacción @INFOCADERNOS ·
in Asociacións e Fundacións, Cultura, Lingua, Literatura,
Premios

“A [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega](#) (AELG) entregará o 4 de maio, no transcurso da gala da XIV Edición dos [premios que levan o seu nome](#), o galardón de [Escritora Galega Universal](#) á portuguesa Lidia Jorge. A Asemblea da asociación recoñece nesta creadora da palabra á “autora que combina a excelencia literaria co compromiso ético que o converte en referente na defensa da dignidade humana”.

“Na tradición dos premios a escritores e escritoras universais da [AELG](#) hai dúas variábeis que temos en

conta”, explica **Césareo Sánchez Iglesias**, presidente desta entidade, “por un lado que sexa un grande escritor, recoñecido no seu país, cunha traxectoria que se sustente en obras sólidas; por outro lado, que sexa un referente ético diante o deterioro moral que vivimos, con ausencia de valores éticos en determinadas capas desta sociedade”. E Lída Jorge cumpre con esas dúas facetas. “É unha muller do 25 de abril, un referente non só para os portugueses, senón para todos”, argumenta o presidente da **AELG**.

Comprometida e cun cariño especial cara Galiza

Carlos Quiroga, responsábel da Lusofonía na **AELG**, afirma que a escritora homenaxeada “é un nome incontestábel en todos os sentidos, apreciada por crítica e público, un consenso difícil”. Romances, contos, literatura infantil, ensaio, a escritora de Boliqeime conseguiu ser “un caso raro” e chegar ao grande público. Multipremiada, cosmopolita, traducida para moitos idiomas e progresista en todos os aspectos. “Non é unha escritora fácil, de consumo rápido, mais tampouco complica”. Un dos segredos do seu éxito actual foi a adaptación do seu romance *A Costa dos Murmúrios* ao cinema en 2004 por Margarida Cardoso.

“Sempre tivo un compromiso”, sinala **Quiroga**, “todos aqueles valores nobres que se lle supoñen a unha intelectual”. Ademais de escritora, muller. “Nunca deixou de mergullar na psicoloxía feminina aplicada a territorios moi diversos”. Compromiso tamén para coa súa paixón literaria. “Puido facer carreira universitaria e foi profesora de instituto para ter tempo para escribir”.

Lída Jorge visitou Galiza en varias ocasións convidada por institucións como a Universidade, o **Consello da Cultura Galega** ou a mesma **AELG**. Concederlle este galardón, recoñece **Carlos Quiroga**, tamén se fundamenta no “cariño especial” que ten por nós e que atopamos mesmo nalgún ensaio dela.

Na edición deste ano o galardón cumpre co recoñecemento á Lusofonía, algo que o seu responsábel na **AELG** pensa “debería ser sempre así”. Pon como exemplo os “moitos autores que nos teñen visitado, recoñecendo a raíz común e do pasado que merecen a literalidade de seren escritores

galegos universais porque recoñecen na raíz galega a súa propia raíz”.

Fonte orixinal da nova: SermosGaliza

Comparte!